

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D^a María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Vanessa Quintela Pedreira.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

ACTA

_En Arzúa, 18 de decembro de 2015.

Sendo as 20:10 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Non asistindo a esta sesión o concelleiro D. Andrés David Pérez Ferreira.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2015.

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º) ROGOS E PREGUNTAS

Tras preguntar o Sr. alcalde se se ía a formular algún rogo ou pregunta; sen que se formulase ningún. Non se fixo uso deste punto da Orde do día.

E non habendo máis asuntos de que tratar polo Sr. Presidente douse por rematada a sesión.

Faise constar que, no momento en que o alcalde daba por rematada a sesión, o voceiro do grupo político do Partido Popular, Sr. García Rodríguez, solicitou o uso da palabra, para propoñer á Corporación Municipal que se fixese unha declaración de apoio ao sector lácteo; dando as explicacións polas que consideraba convinte realizar esa declaración.

Tras intercambiar puntos de vista sobre esta cuestión, o Sr. García Rodríguez e a concelleira Sra. Castro Vallo.

O Sr. alcalde manifestou que se ía a redactar esa declaración de apoio ao sector lácteo e que, cando fose redactada, se pasaría ao voceiro do grupo político do Partido Popular, para que a lesen; co obxecto de mandala se estaban de acordo.

Realizadas as intervencións anteriores, levantouse de maneira definitiva a sesión, as 20.35 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á vindeira sesión. Do que dou fe.